



OLA,

CHÁMOME MARCOS PEREIRO E SON ACTOR

// SOBRE MIN

De Nucha a Kevin José. Quen o diría! Son todo un camaleón do humor e do audiovisual en Galicia. A Casa da Conexa, Vilamor ou Era Visto! son algúns dos proxectos cos que medrei como actor. Na actualidade sigo traballando como Kevin José e tamén recorrendo Galicia nun novo programa xunto co meu inseparable amigo Xosé A. Touriñán.

// VIDA

1981

◀ **Nacín en Alemaña**

E se cadra son, polo tanto, fillo da emigración. En realidade son fillo de Manolo e Encarna, e teño un irmán, Carlos, máis novo ca min. Aos oito anos volvíñ a Galicia (e desde entón non volvíñ marchar).

1990

◀ **Estudei en Culleredo**

No colexio de Tarrío, no interior de Culleredo. Foi alí onde coñecín a Jose (para min), Xosé Antonio Touriñán (para todos vós). Comezamos a facer teatro... e foi así como comezou todo.

2001

◀ **Estudei o Ciclo Superior en Fotografía Artística**

Total, que cando rematei souben que oficialmente era fotógrafo. Aínda que ser fotógrafo é moito máis que ter ese título. Exercín a profesión nalgún xornal logo de rematar os estudos.

2002

◀ **Convertínme en Nucha, das Cantareiras de Ardebullo**

As Fillas da Conexa déronnos todo a Touri e a min. Grazas a elas somos o que somos e vivimos do que vivimos. A elas e á tele, e a programas como Luar, que apostaron por nós cando comezabamos.

2007

◀ **Abrín o meu propio negocio, a Sala The Star**

Era un local de espectáculos en Carral que montei con Touri cando comprobamos que de verdade podíamos vivir de ser cómicos. Catro anos e centos de espectáculos despois, decidimos pechalo en 2012.

2010

◀ **Son atleta**

Porque ser atleta é facer un pouco de todo. Non controlo de lanzamento de peso, aínda que se hai que lanzar algo... lánzase! Son runner, ciclista e moitas cousas máis que se resumen niso: atleta.

TELEVISIÓN

TVG

2018

MaloSerá!

Programa de humor en directo no que teatro e televisión fúndense en hora e media de comedia. Presentado por Lucía Regueiro, o espectáculo conta ademais con Federico Pérez, Isabel Blanco, Lucía Veiga, Oswaldo Digón, Sabela Hermida e a participación como convidados, en diferentes programas, de Touriñán, Manuel Manquiña, Eva Iglesias ou Carlos Blanco, entre outros moitos.

Voz Audiovisual

2017

Viradeira

Serie chea de aventuras, amor e moito humor. Dirixida por Óscar Pedraza e ambientada na localidade ficticia de Dorneda, cocíñanse as mellores historias baseadas nunha lenda: un barco afundido nas súas augas en 1588, o *Agusta*.

Nós, TVG

2016-2017

Os Dous de Ardebullo

Programa de humor da Televisión Galicia que se emitiu durante as festas do Nadal. Os actores fan un repaso pola historia do noso país en clave de comedia, con argumentos centrados en tres datas moi especiais como a Noiteboa, a Noitevella e a noite de Reis.

TVG

2016

Augasquentes

Participación esporádica.

Zopilote

2011-2016

Era Visto!

Comedia familiar a modo de sketches líder de audiencia na TVG. Nela interpreto a personaxes como Kevin José, o fillo adolescente de Moncho e Elvira, ou Ramona Comaneci. Participo en 93 episodios.

TVG, Ficción

Producciones

2013 - 2014

A Casa da Conexa

Late-night de humorísticos líder de audiencia no que dei vida a Nucha unha das protagonistas do programa. Xosé Ramón, o granxeiro ou protesión sivil foron outos dos meus papeis.

TVG

2008-2015

Luar

Show de variedades que se emite dende fai 23 anos na TVG. Participei en máis de 100 programas poñendolle cara a numerosas personaxes, entre as que destaca Nucha, unha das Cantareiras de Ardebullo.

Airapro, CTV

2012-2013

Tourilandia

Late-show de humor, sketches e entrevistas presentado por Xose A. Touriñán. Ademais de interpretar personaxes como Giancarlo Patatessa ou protesión sivil durante os 36 episodios emitidos, tamén traballei como guionista e co-presentador.

Airapro, TVG

2011-2012-2013

Un soño de Nadal, especiais de Mucha e Nucha

Programas especiais de Nadal producidos para a TVG nos que participei como guionista e como actor. Neles, as Cantareiras de Ardebullo, onde interpreto a Nucha, comparten a súa noite de Nadal con cos telespectadores.

TVG

2009-2010

A polos 25

Recompilación que conmemora os 25 anos da TVG, no que se recordaban os espazos e as caras máis emblemáticas a canle autonómica. Nel traballei como presentador, dando paso aos diferentes vídeos que formaban o programa.

Zopilote

2007-2009

Air Galicia

Parodia e humor en forma de centos de sketches. En Air Galicia fun Costoia, Fidel Castro, Gran Monchiño, Manuel Rivas, Saddam Hussein, Tucho, Froilán... Participei en 63 episodios

TVG

Mundo Verbena

2006	Late-night de variedades que viaxa por Galicia a través do mundo da festa e das orquestras. Colaborei varias das súas entregas como copresentador e reporteiro.
TVG 2006	En pé de festa Serie diaria de humor líder de audiencia na TVG. Interpreto a Kevin José, un dos protagonistas, e outras personaxes como Nadia Comaneci. Participo en 93 episodios
Faro 2006	Zapping comando Espazo que combina sesións de zapping por diferentes contidos con sketches protagonizados por numerosos actores galegos.
TVG 2005	O Show dos Tonechos Show humorístico protagonizada por Roberto Vilar e Víctor Fábregas, no que participei interpretando a varios personaxes.
TVG, Voz Audiovisual, Zopilote 2001-2005	Terra de Miranda Serie que mestura drama e comedia amosando a vida nunha vila rural de Galicia. En Terra de Miranda fixen o meu primeiro papel na televisión interpretando a Mingos. Participei en 34 capítulos.

CINEMA

Zircozine 2014	Encallados Película que analiza en ton de humor a situación da industria audiovisual galega a través da experiencia dun director de cine e dous guionistas. Dirixida por Alfonso Zarauza, rodouse en Santiago de Compostela.
Enlmaxes 2012	Calcetin(e)s Curtametraxe de comedia dirixida por Iago González.
Vía Láctea Filmes 2012	Vilamor Longrametraxe dirixida por Ignacio Vilar que conta a vida nunha comuna hippie asentada nas montañas de Galicia a principios dos anos 70. Neste filme interpreto a Alán.
Filmanova 2009	Fútbol de Alterne TV- movie coral e costumista inspirada nun caso real no que un clube de fútbol modesto é patrocinado por un local de alterne da mesma vila. Está dirixida por Alber Ponte.

TEATRO

Ainé Produccións 2006-2018	Coleccionistas Espectáculo cómico xunto a Oswaldo Digón e Santi Romay que mestura comedia, arte e música en directo.
Contraproduccións 2017-Actualidade	O tolleito de Inishmaan Un texto de personaxes labrados e brillantes, unha combinación de profesionais de longa e premiada experiencia con novos e xa recoñecidos valores no mundo da interpretación dirixida por Cándido Pazó.
Os Dous Ardebullo 2006-2017	Cantareiras de Ardebullo Dúo humorístico que formo xunto con Xosé A. Touriñán e no que interpreto a Nucha. Este espectáculo suma xa con máis de 400 funcións en auditorios e escenarios de toda Galicia.
Ainé Produccións 2017	Agora en Serio Espectáculo con Xosé A. Touriñán co que celebraron quince anos da súa primeira actuación xuntos, un aniversario moi especial que celebraron facendo o que mellor saben facer: comedia.

Xunta de Galicia

2017

Ainé Producións

2016-2017

Ainé Producións

2016-2017

R , Os Dous

Ardebullo

2014-2015

Gustavo Pernas

2006

Salvar ao cooperativista Adrián

Monólogo con banda sonora en directo sobre o rescate a un cooperativista desaparecido.

Como ser armario empotrado

Monólogo para ser un auténtico armario empotrado.

Os Tristes

Obra teatral realizada xunto con Federico Pérez.

Viramos tolos pola tele

Monólogo colectivo que parodia os magazines televisivos e a súa ampla diversidade de contidos.

Final de película

Comedia dramática de Gustavo Pernas na que se abordan temas como a desvertebración da familia, a falsa solidariedade ou o machismo disimulado en torno ao fenómeno da inmigración.

ESPECTÁCULO

Os Dous Ardebullo

2016

Noites de Retranca

Un dos shows máis vistos no panorama galego, onde participan diferentes cómicos consagrados.

GUIONISTA

TVG

2011

Un soño de Nadal

A parella humorística Mucha e Nucha vive e comparte con todos os galegos as festas de Nadal. Mentres están traballando na limpeza das instalacións da TVG en San Marcos, véñse en voltas nun enredo de tal calibre que deben encargarse de tódalas emisións durante unha noite enteira.

// CONTACTO

A miña axencia de contratación é **Ainé** (<http://aine.gal>)



881 946 972 (tel:881946972)



artistas@aine.gal



Twitter

<https://twitter.com/mpereiros>



Facebook


<https://www.facebook.com/mpereiros>




Web

marcospereiro.gal


// HABILIDADES



// HOBBIES



// IDIOMAS



// INFO FÍSICA

Peso
75 kg.
Altura
168 cm.
Pelo
Moreno-canoso. Curto. Barba
Ojos
Grises
Rango de idade
25-45 anos